

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

*Decreto 34/2009, do 5 de febreiro, polo que se prorroga o período de vixencia do Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008.*

O 13 de febreiro de 2006 publicouse o Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008.

No seu artigo 2 establécese que este decreto será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia durante o período que comprende desde a súa entrada en vigor ata o día 31 de decembro de 2008.

O día 24 de decembro de 2008 publicouse o Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012, con entrada en vigor ao día seguinte, que derroga o Real decreto 801/2005, sen prexuízo do previsto nas disposicións transitorias e dos efectos das situacións creadas ao abeiro delas.

Na súa disposición transitoria primeira, de medidas para facer fronte á conxuntura económica do sector, establécese un período transitorio no que se prevé a concesión de préstamos e axudas financeiras para actuacións cualificadas, visadas ou con dereito a subvencións recoñecido polas comunidades autónomas de conformidade coa normativa do Plan estatal de vivenda 2005-2008.

Por esta razón, co fin de poder executar o disposto nas disposicións transitorias e atender situacións creadas ao abeiro do Real decreto 801/2005, cómpre prorrogar o ámbito de vixencia do Decreto 18/2006, do 26 de febreiro, ata a data de entrada en vigor da normativa autonómica que regule a xestión das axudas previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Vivenda e Solo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa xuntanza do día cinco de febreiro de dous mil nove,

### DISPOÑO:

Artigo único.-Prorrógase o período de vixencia do Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008 no seguinte sentido:

-Desde o día 1 de xaneiro de 2009 e ata a entrada en vigor da normativa autonómica que regule a xestión das axudas previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012, polo que respecta ás axudas financiadas con cargo á Comunidade Autónoma de Galicia.

-Desde o día 25 de decembro de 2008 e cos límites temporais que resultan das disposicións transitorias do Real decreto 2066/2008, polo que respecta ás actuacións que nesas disposicións se permiten e, así mesmo, para os efectos das situacións creadas ao abeiro do Real decreto 801/2005.

### Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, cinco de febreiro de dous mil nove.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

María Teresa Táboas Veleiro  
Conselleira de Vivenda e Solo

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

*Orde do 4 de febreiro de 2009 pola que se fixan as tarifas e os prezos correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á xuventude da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, durante o ano 2009.*

Dando cumprimento ao disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, procede actualizar os prezos dos servizos prestados nos campamentos, albergues, residencias e demais instalacións xuvenís dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ata agora fixados pola Orde do 10 de xaneiro de 2008 (DOG nº 18, do 25 de xaneiro), así como establecer os prezos dos diferentes carnés dirixidos á xuventude que se expiden a través dos servizos de xuventude, casas da xuventude, oficinas TIVE e outras entidades colaboradoras.

A Lei 6/2003 dispón no seu artigo 51 que a contía destes acordarase por orde da consellería correspon-